

IES EDUARDO PONDAL - SANTIAGO

MEMORIA DO CENTRO

2018-19

Informada favorablemente en Consello Escolar o día 27 de xuño de 2019

Contido

INTRODUCCIÓN.....	2
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.....	2
FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN.....	5
CLAUSTRO.....	5
CONSELLO ESCOLAR.....	6
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....	6
FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO.....	7
PROBAS EXTERNAS.....	7
ABAU.....	7
ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS DEPARTAMENTOS.....	7
RESULTADOS ACADÉMICOS DAS AVALIACIÓNS.....	7
PROCEDEMENTOS E SISTEMAS DE AVALIACIÓN.....	10
RESULTADOS ACADÉMICOS COMPARADOS CO CURSO ANTERIOR.....	11
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	13
APOIOS, DESDOBRES E OUTRAS MEDIDAS.....	13
PLAN DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO.....	13
AVALIACIÓN FINAL DE 4º ESO.....	13
MEMORIA SOBRE A CONVIVENCIA DA XEFATURA DE ESTUDOS.....	13
INFORME DE SECRETARÍA.....	14
A.ADQUISICIÓNS E OBRAS REALIZADAS DURANTE O CURSO.....	14
B.OUTRAS ADQUISICIÓNS E OBRAS.....	15
C.PROPOSTAS DE MELLORAS PARA O PRÓXIMO CURSO.....	15
D.OUTRAS CONSIDERACIÓNS.....	16
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	17
MEMORIA DA BIBLIOTECA.....	17
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	17

INTRODUCCIÓN

Redáctase este resumo das principais actuacións levadas a cabo polo equipo directivo e polos diversos órganos de coordinación e goberno do centro durante o curso 2018/19 para dar cumprimento ao punto 43 da Orde de 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para desenvolver o Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e establécese a súa organización e funcionamento.

“La dirección del centro establecerá un calendario que permita la evaluación por parte del consello escolar, de claustro y del equipo directivo de la programación general anual y su grado de cumplimiento. Las conclusiones más relevantes serán recogidas por el equipo directivo en una memoria que se remitirá antes del 10 de julio al Servicio Provincial de Inspección Educativa de la respectiva delegación provincial”

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Escala no grao de consecución dos obxectivos

1	baixo
2	medio-baixo
3	medio-alto
4	alto

Obxectivo 1	Diminuír as condutas disruptivas
Accións previstas	
1.1 Acadar a colaboración de todo o profesorado e das familias na resolución de conflitos.	
1.2 Levar a cabo accións coordinadas co Departamento de Orientación.	
1.3 Rapidez na toma de medidas con aquel alumnado que impide o desenvolvemento das clases: información ás familias, realización de tarefas, etc.	
1.4 Responsabilizar ao alumnado en tarefas de coidado da clase, etc.	

Obxectivo 1

Act.	INDICADOR	VERIFICACIÓN	Grao de consecución
1.1.	O grao de colaboración na xestión de conductas disruptivas entre o profesorado e o departamento de orientación foi o adecuado	A orientadora é informada das situacións de condutas disruptivas por parte das titoras e titores e/ou da xefa de estudos e colabora na súa resolución.	3
1.1	O grao de colaboración na xestión de conductas disruptivas entre o profesorado e as familias foi o adecuado	En xeral, a colaboración das familias en caso de condutas disruptivas foi o adecuado, salvo algunha excepción.	2
1.2	Desde o centro lévanse a cabo accións coordinadas co Departamento de Orientación.	Programación do departamento de Orientación. Plan de Acción Titorial	3
1.3	Actúase con rapidez na toma de medidas con aquel alumnado que impide o desenvolvemento das clases	Tan pronto se reciben en xefatura partes de incidencias son informadas as familias tanto da incidencia como da corrección imposta. En casos graves, apertura de expediente disciplinario.	3
1.4.	O alumnado é partícipe e colabora en tarefas de coidado da clase.	Participación do alumnado nun plan de reciclaxe. Participación dos grupos de alumnado no programa Aula 10, que premia as aulas máis limpas ao longo do curso.	2

Obxectivo 2	Potenciar e mellorar a comunicación coas familias a través das novas tecnoloxías
Accións previstas	
Actualización continua da páxina web	
Correo institucional do centro para todo o alumnado e profesorado	

Obxectivo 3	Mellorar o rendemento escolar. Atender á diversidade
Accións previstas	
3.1 Realización de traballos en pequeno grupo cos alumnos exentos de francés para potenciar a lecto-escritura e as matemáticas.	
3.2 En 2º de ESO temos unha alumna que necesita apoio educativo dentro da aula. Contará co apoio dun/dunha profesor/a de pedagogía terapéutica.	

Obxectivo 3

Act.	INDICADOR	VERIFICACIÓN	Grao de consecución
3.1.	A ratio alumno/profesor nos grupos de exención é pequeno.	Existen catro grupos de exención (entre 1º e 2º de ESO) con 7 ou menos alumnos e alumnas e dous grupos con 9 alumnos e alumnas	3
3.2.	A alumna que necesita apoio educativo dentro da aula conta co apoio dun/dunha profesor/a de pedagogía terapéutica en todas as sesións.		

Obxectivo 4	Integrar ao alumnado inmigrante
Accións previstas	
4.1 Están recollidas no Plan de Acción Titorial, no programa ALEIDA.	

Obxectivo 4

Act.	INDICADOR	VERIFICACIÓN	Grao de consecución
4.1.	Existen programas de apoio e reforzo	Plan de Acción Titorial, programa ALEIDA	3

Obxectivo 5	Optimizar os recursos educativos do centro
Accións previstas	
5.1 Fomentar o uso dos medios audiovisuais e informáticos xa existentes no centro	
5.2 Xeneralizar a utilización dos recursos web que xa están a disposición do profesorado neste centro: xestión de faltas en Xade, colaboración na páxina web do centro, uso da aula virtual Moodle, levar os blogs dos departamentos...	
5.3 Seguir mellorando a dotación biblioteca tanto con libros como con material audiovisual.	

Obxectivo 5

Act.	INDICADOR	VERIFICACIÓN	Grao de consecución
5.1.	A aula de informática emprégase de forma habitual ou puntual na maioría das materias	Está a ser empregada por un 25% do profesorado	1
5.2	O equipamento Abalar da aula emprégase de forma habitual ou puntual na maioría das materias	É empregado de forma habitual na maioría das materias	2

Obxectivo 6	Consolidación do grupo "ALIANZAS POLA DIVERSIDADE"
Accións previstas	
Dinamizar a planificación e posta en marcha de actividades polo grupo	

Obxectivo 6

Act.	INDICADOR	VERIFICACIÓN	Grao de consecución
6.1.	O grupo actúa con autonomía na proposta e elaboración de actividades	O grupo solicita a realización de actividades planificadas por el sen axuda do profesorado.	3

FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN

CLAUSTRO

Durante o presente curso, ou Claustro reuniuse en 8 ocasións. Trátáronse, entre outros, os temas seguintes:

- Organización do curso 2018/19
- Nomeamento de titores e xefes de Dto.
- Entrega de horarios.
- Elección de representantes no Consello escolar.
- Plan Xeral Anual.
- Programa de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Análise de resultados das Avaliacións.
- Xestión do Orzamento 2018.
- Materias de libre configuración.
- Calendario fin de curso.
- Horario xeral de centro para o vindeiro curso.
- Memoria fin de curso.
- Calendario exames de setembro.

CONSELLO ESCOLAR

Celebráronse 5 Consellos Escolares. Tratáronse, entre outros, os temas seguintes: información do PXA, programa de actividades complementarias e extraescolares, aprobación da xestión de orzamentos e proxecto de orzamento 2019, aprobación da memoria de fin de curso e horario xeral do centro para o vindeiro curso.

Convocáronse en horario para facilitar a asistencia do alumnado e dos representantes dos pais/nais.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A Comisión de Coordinación Pedagóxica tratou nas reunións celebradas ao longo do curso, entre outros, os seguintes temas:

- Planificación do curso: Calendario de avaliacións, Actividades complementarias e extraescolares, festivo de centro etc.
- Adaptación do plan lingüístico para o curso 2018-19
- Análise dos resultados das avaliacións. e propostas de mellora
- Organización de fin de curso de 2ºBAC
- Materias de libre configuración do centro
- Previsións iniciais de grupos para o vindeiro curso.
- Análise de fin de curso e propostas de mellora para o vindeiro curso.

FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

É preciso recoñecer o traballo que todo o Equipo directivo realizou este curso, tendo en conta que se está a producir un continuo incremento de alumnado no noso centro. Este esforzo era necesario para tratar de acadar un bo resultado na xestión realizada, e permitiu que os procesos se optimizasen ao longo do curso. Os conflitos que se nos remitiron dende as aulas, nunhas ocasións antes de pasar polo titor e noutras é o propio titor o que nos informou, ante os cales o Equipo Directivo apoiou os profesores e titores nesta tarefa de control. Ademais, o Equipo Directivo interveu "de oficio" en moitas ocasións.

PROBAS EXTERNAS

Neste curso non se realizaron probas externas no noso centro.

ABAU

Foron 41 alumnos e alumnas do noso centro os que realizaron as ABAU na convocatoria de Xuño. Aprobaron as ABAU 40 alumnos/as, que representa o 98% dos presentados e presentadas.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS DEPARTAMENTOS

DIDÁCTICOS




As memorias de todos os departamentos serán entregadas en Xefatura de Estudos con anterioridade ao 5 de xullo.

RESULTADOS ACADÉMICOS DAS AVALIACIÓNS


Nas memorias dos departamentos didácticos que serán remitidas estarán reflectidos os resultados das avaliacións por materias, por iso aquí ímonos ocupar dos globais por cursos, que se poden observar nas gráficas das páxinas seguintes.

As gráficas distribúen os alumnos en tres grupos segundo o nº de materias superadas, mostrando a evolución dos resultados a medida que avanza o curso:


- Alumnado en porcentaxe que supera todas as materias ou unicamente suspende unha.
- Alumnado en porcentaxe que obtén avaliación negativa en dúas ou tres materias
- Alumnado en porcentaxe que obtén avaliación negativa en 4 ou máis materias.




4° ESO



1° BAC



2° BAC




Podemos observar como en xeral fóronse mellorando os resultados a medida que avanzaba o curso. Son de salientar os resultados de todos os niveis, onde se superou o 70 % de alumnos e alumnas que superan todas as materias ou só obteñen avaliación negativa nunha materia, salvo en 3º ESO e 2º de BAC nos que se supera o 60%.

PROCEDIMENTOS E SISTEMAS DE AVALIACIÓN


Os diferentes departamentos manifestan na aprobación desta memoria que se respectaron os procedementos de avaliación que se reflectiran nas súas programacións correspondentes ao comezo do curso.

RESULTADOS ACADÉMICOS COMPARADOS CO CURSO ANTERIOR


Nas gráficas seguintes pódese observar que se produce unha mellora notable en canto a resultados académicos con respecto ao curso pasado en todos os niveis salvo 1º e 3º de ESO. Salientar sobor de todo 1º de BAC, cunha mellora de 20 puntos porcentuais e 2º e 4º de ESO cunha mellora de 10 puntos.




4° ESO



1° BAC



2° BAC



ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

APOIOS, DESDOBRES E OUTRAS MEDIDAS.

En 1º e 2º realizáronse traballos en pequeno grupo cos alumnos exentos de francés para potenciar a lecto-escritura. Por falta de espazos e profesorado foi imposible realizar desdobres. Por falta de profesorado foi imposible realizar apoios na aula nin agrupamentos.

PLAN DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

- Facer grupos homoxéneos e equilibrados na medida do posible.
- Intentar que haxa grupos reducidos, na medida do posible. Co cupo de profesorado actual, a falta de espazos e o incremento de alumnado que se está a producir, non é posible.
- Desdobres nas materias nas que resulte posible. Co cupo de profesorado actual e a falta de espazos non é posible.

AVALIACIÓN FINAL DE 4º ESO

Este ano non se realizou no noso centro.

MEMORIA SOBRE A CONVIVENCIA DA XEFATURA DE ESTUDOS

Durante o presente curso escolar 2018/19 a convivencia no centro non foi mala agás con respecto ao curso de 3º de ESO. Co resto do alumnado non houbo moitas incidencias no desenvolvemento das clases e nos momentos de lecer aínda que cabe dicir que este ano o alumnado de 1º ESO tivo un comportamento peor co do curso anterior tendo bastante partes neste nivel.

Este curso o maior número de partes de incidencia foron , en 3º da ESO, en concreto en 3ºD por parte de 4 alumnos e logo en 3º F e E. A maioría de partes en 1º de ESO foron por pequenas disputas entre eles ou por non traballar e falar na clase.

En 1º de ESO houbo **13** alumnos con partes, **5** deles reincidentes, de 1º fe 1º g

En 2º de ESO **15** alumnos con partes e **3** reincidentes case todos por falar na clase ou sacar o móbil .

En 3º ESO **26** alumnos con partes **4** dos cales son de 3º D ata a primeira avaliación e agora **3** F e E. Este ano abríronse **4 expedientes** , todos eles neste nivel **3º de ESO**.

En 4º de ESO 17 alumnos con partes a maior parte de 4º F de feito en 4º D só hai un parte e 4 en 4º E.
En 1º de Bac 7 alumnos con partes por falar na clase case todos ou ter o móbil ,

En 2º de Bac tan so houbo 4 partes 3 deles en 2º C.

Hai que dicir, que neste curso 1º de FPB, non foi tan malo como anos anteriores considerando incluso normal a súa conduta. 2º de FPB tampouco dou maiores problemas.

Sen dúbida algunha o peor dos niveis no curso 2018-19 foi 3º de ESO e 4º F, facendo incluso a 2º da ESO , que normalmente é un nivel movido , non malo.

No curso 2018/19 abríronse 4 expedientes todos eles a **alumnado de 3º de ESO**, e abriuse un protocolo de absentismo , que pechouse despois, en 1º de ESO.

INFORME DE SECRETARÍA

A.ADQUISICIÓN E OBRAS REALIZADAS DURANTE O CURSO

As partidas máis importantes do presuposto do centro adícanse para obras de reparación e mantemento, seguidas das subministracións de auga e electricidade e melloras no edificio ou no mobiliario e instalacións e maquinaria do centro.

Destacamos os seguintes gastos:

- Reparación de persianas e de varios motores das persianas do soto e 1º andar.
- Pintura dalgunhas aulas.
- Mantemento de fontanería e da instalación eléctrica.
- Revisión do pararraios e dos extintores do centro.
- Revisión anual da caldeira.
- Mantemento do ascensor e Inspección preceptiva de Industria.
- Mantemento da rede eléctrica e Inspección preceptiva da instalación de baixa tensión.
- Arranxo dos defectos recomendados pola inspección da instalación eléctrica.
- Dous tanques de gasóleo.
- 2ª fase da pintura das fachadas exteriores do edificio.
- Reparación das humidades nas paredes da aula de Música e pintura.

- Renovación de persianas moi deterioradas por estores.
- Mantemento e reparación dalgunhas zonas do xardín do centro.
- Compra e instalación de novos equipos informáticos:
 - 2 PC e 1 impresora para a Sala do profesorado.
 - 1 PC para o departamento de Música.
 - 1 impresora para o departamento de Galego.
 - 1 impresora para o departamento de E. Física.
 - Instalación dun Kit de Abalar en 4º F.
- Mantemento de todos os equipos informáticos e compra de software.
- Compra de colchonetas e de material deportivo para o Pavillón.
- Compra de material para os laboratorios e para Tecnoloxía.
- Adquisición de fondos bibliográficos e audiovisuais.

B. OUTRAS ADQUISICIÓNS E OBRAS

- - Vitrinas para a Biblioteca e pupitres para as aulas.

C. PROPOSTAS DE MELLORAS PARA O PRÓXIMO CURSO

Unha vez revisado o estado das instalacións e as necesidades de equipamento, e sempre que a execución do presuposto do centro o permita, facemos as seguintes propostas para levar a cabo durante o verán.

Obras e equipamento:

- As obras de reparación e mantemento necesarias no interior do edificio.
- Pintado das aulas máis deterioradas.
- Reparar marcos dos armarios dalgunha aula.
- Reforma do laboratorio de Ciencias.
- Reparar as caixas de son do Salón de actos ou renovalas.

Adquisición de mobiliario e equipos:

- Compra de equipos informáticos se fosen necesarios.
- Compra de libros de lectura e de consulta.
- Outro tipo de material para cubrir necesidades que se poidan presentar.
- Material necesario para os departamentos.

Petición de material á Consellería:

- Fíxose xa no mes de xuño unha petición de material: 30 pupitres e 1 mesas do profesor/a para a nova unidade que hai que habilitar. Ademais solicitouse un Kit de Abalar.
- Volveuse a facer a solicitude, xa feita no 1º trimestre, dunha dotación de mobiliario e material para os laboratorios de Física e Química.

Petición de obras á Consellería:

- A reforma dos aseos de alumnos e alumnas.
- A renovación do pavimento do pabillón, que está moi deteriorado.
- Facer unha ampliación da zona cuberta no patio.
-

D.OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Durante este curso volvéronse a facer escritos dirixidos á alcaldía da cidade para pedir que dean solución ao estado de abandono das parcelas que rodean o recinto escolar e sobre o tráfico da zona e o aparcamento incontrolado que sufrimos na entrada ao centro. A única resposta que tivemos foi que, sen contestar aos nosos escritos, como é de cortesía, puxeron nunha das beirarrúas de entrada ao centro uns bolardos para impedir que se aparque nesa zona.
- Respecto da cafetería do centro para o vindeiro curso a concesión para a súa explotación está prorrogada e permanecerá o mesmo arrendatario.
- Expresar aos titores e titoras a súa colaboración na recollida de libros de texto de préstamo do Fondo Libros. Para o próximo curso debemos seguir facendo esforzos durante todo o curso para controlar mellor os libros de préstamo: controlar que todo o alumnado que goza deste servizo poña o seu nome en todos os libros e insistir nas titorías que estes libros deben coidalos mellor pois é un fondo solidario de libros que deben pasar a outros alumnos e alumnas.
- Respecto do coidado das aulas debo rogar que as titoras e titores e mesmo todo o profesorado colabore en que o alumnado teña máis orde nas aulas e coide mellor o mobiliario, paredes, portas e material informático.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Ver anexo I.

MEMORIA DA BIBLIOTECA

Ver anexo II.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Ver anexo III.

o director
Óscar Cousto Viñeglas

